

UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

Bravo Bernárdez, Jorge
Carballo González, Ángeles
Diz Ferreiro, Paula
Fernández Fernández, Federico
Fernández Iglesias, Manuel José
Ríos Santomé, M^a. José
Valeije Álvarez, Inmaculada

DESCULPA ASISTENCIA

Vaquero Díaz, Beatriz

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo, do día 13 de abril de dous mil doce, convocada para as 12:00 horas en primeira convocatoria e ás 12:30 horas en segunda na Sala de Xuntas de Xerencia.

O día **13 de abril 2012**, ás 12:30 horas, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 22 de marzo de 2012.
2. Aprobación, se procede, das reclamacións á proclamación provisional de candidaturas para as eleccións de representantes de estudantes ao Claustro e de representantes de estudantes aos consellos de departamento.
3. Aprobación, se procede, da proclamación definitiva de candidaturas para as eleccións de representantes de estudantes ao Claustro e de representantes de estudantes aos consellos de departamento.
4. Delegación, se procede, na Secretaria Xeral da proclamación provisional de candidatas e candidatos electos nas eleccións de representantes de estudantes ao Claustro e de representantes de estudantes aos consellos de departamento.
5. Declaración, se procede, de que queda rematado o proceso electoral das eleccións de representantes de estudantes ao Claustro e de representantes de estudantes aos consellos de departamentos naqueles centros e departamentos nos que se cumpra o previsto nos artigos 20 e 15 dos respectivos regulamentos.
6. Interpretación das normas de paridade para a confección das papeletas electorais.
7. Rolda libre de intervencións.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 22 de marzo de 2012.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Aprobación, se procede, das reclamacións á proclamación provisional de candidaturas para as eleccións de representantes de estudantes ao Claustro e de representantes de estudantes aos consellos de departamento.

Toma a palabra o presidente da Comisión Electoral para dar conta das reclamacións ás candidaturas provisionais, enumera as aceptadas. Polo sector estudantes: Dna. Natalia Doldan Cuñas pola Facultade de Historia (solicita retirar a súa candidatura); Dna. Ana Ardid de Cabo pola Facultade de Bioloxía (solicita a inclusión da súa candidatura, xa que, por un erro

administrativo non foi incluída); D. Ángel Alonso pola Facultade de Ciencias Económicas (solicita inclusión de candidatura por presentala o día do remate de presentación de candidaturas nun rexistro distinto ao previsto no procedemento para a elección de membros do Claustro Universitario). Respecto desta última reclamación, a Comisión Electoral acorda aceptala por ter en conta que o día 28 de marzo era festivo e polo tanto día non hábil e o día 29 de marzo non había regularidade no transporte público pola folga xeral e porque o recorrente ten unha discapacidade que lle dificulta o movemento. Tamén hai que ter en conta a intencionalidade do recorrente de presentar a súa candidatura, xa que, a pesar da súa escasa mobilidade puxo todos os medios para presentala dentro do prazo establecido nun rexistro autorizado e ao non ser admitida por estar dito rexistro pechado presentouna no servizo de correos. Tamén se acepta a reclamación de D. Carlos Pérez Cabo, que solicita a inclusión da súa candidatura por emendar a presentación do DNI caducado polo actualmente vixente.

O presidente da Comisión Electoral tamén propón a aceptación da candidatura de Dna. Aroa Domínguez Morais, que solicita a inclusión da candidatura pois, por un erro, indicou que o seu centro era a Facultade de Ciencias. Acéptase o seu recurso pois trátase dun erro subsanable e que non afecta ao sector ou circunscrición.

Respecto das reclamacións contra a proclamación provisional de candidaturas á elección de representantes de estudantes nos consellos de departamentos, o presidente dá conta das reclamacións aceptadas e rexeitadas que aparecen no **Anexo I**.

Seguidamente, o presidente da Comisión Electoral dá conta dos motivos do recurso interposto por D. Jonathan Domínguez Rodríguez que, en calidade de alumno da Facultade de Dereito de Ourense, solicita ante a Comisión Electoral que: en primeiro lugar, se eliminen as siglas DAFDO que aparecen ligadas ao candidato ao Claustro pola Facultade de Dereito de Ourense D. Pintos Pérez Jaime Antonio, por ser iguais ás usadas tradicionalmente e publicamente pola Delegación de alumnos da Facultade de Dereito de Ourense, e que poden levar a confusión e erro nos electores; en segundo lugar, solicita que se elimine as siglas DAEDO que aparecen ligadas aos candidatos do Consello de Departamento de Dereito Privado D. García Santalices, Violete, D. Pintos Pérez Jaime Antonio e D. Vázquez Rivada Diego por ser similares ás usadas tradicional e publicamente pola Delegación de Alumnos da Facultade de Dereito de Ourense e que poden levar a confusión e erro nos electores.

Tras unha pequena deliberación deciden que, con respecto a primeira petición, acordar desestimala, xa que, o recorrente non achega ningunha proba de que o candidato non se poida presentar coas siglas de DAFDO, Delegación de alumnos da Facultade de Dereito, e ademais no regulamento de dita delegación non se establece que non se poda presentar coas súas siglas. Con respecto á segunda petición, a Comisión Electoral decidiu non aceptala, xa que, os interesados non presentaron reclamación solicitando que sexan eliminadas as siglas DAEDO das súas candidaturas a representantes do Consello de Departamento de Dereito Privado.

Punto 3. Aprobación, se procede, da proclamación definitiva de candidaturas para as eleccións de representantes de estudantes ao Claustro e de representantes de estudantes aos consellos de departamento.

Apróbase por asentimento.

Punto 4. Delegación, se procede, na Secretaria Xeral da proclamación provisional de candidatas e candidatos electos nas eleccións de representantes de estudantes ao Claustro e de representantes de estudantes aos consellos de departamento.

Apróbase por asentimento.

Punto 5. Declaración, se procede, de que queda rematado o proceso electoral das eleccións de representantes de estudantes ao Claustro e de representantes de estudantes aos consellos de departamentos naqueles centros e departamentos nos que se cumpra o previsto nos artigos 20 e 15 dos respectivos regulamentos.

Apróbase e acórdase trasladar por correo electrónico aos membros da Comisión Electora a proclamación provisional.

Punto 6. Interpretación das normas de paridade para a confección das papeletas electorais.


A Comisión Electoral acorda que as papeletas deberían confeccionarse de acordo co establecido no artigo 9.2 das seguintes normativas: “Procedemento para a elección de membros do Claustro Universitario” e “Procedemento para a elección de representantes de estudantes nos consellos de departamento”.

Punto 7. Rolda libre de intervencións.

Non se producen intervencións.


E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:45 horas do día 13 de abril de 2012 da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral



Manuel Fernández Iglesias

A secretaria da Comisión Electoral



M^a Inmaculada Valeije Álvarez